

REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DAS UNIÓNS DE FEITO DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA

INDICE:

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS
 - ARTIGO 1º: Creación e carácter do rexistro
 - ARTIGO 2º: Concepto de unión de feito
 - ARTIGO 3º: Datos inscribibles no rexistro
 - ARTIGO 4º: Inscricións sobre declaración da existencia de unións de feito. Requisitos e condicións
 - ARTIGO 5º: Inscricións sobre declaración da existencia de unións de feito. Formalización e documentación
 - ARTIGO 6º: Inscrición sobre a declaración de extinción da unión de feito
 - ARTIGO 7º: Inscricións sobre acordo relativo e relacións persoais e patrimoniais
 - ARTIGO 8º: Inscrición sobre o nacemento de fillos/as comúns da unión de feito e sobre adopcións por un dos seus membros
 - ARTIGO 9º: Confidencialidade dos datos inscritos no rexistro
 - ARTIGO 10º: Efectos municipais da inscrición das unións de feito no rexistro
 - ARTIGO 11º: Dependencia administrativa do rexistro. Efectos económicos da práctica de inscricións e da expedición de certificacións dos datos rexistrados
- DISPOSICIÓN FINAL

Exposición de motivos

O matrimonio continúa sendo a forma de unión predominante no Concello de Val do Dubra.

Recoñécese, non obstante, a existencia doutras clases de unións afectivas estables e duradeiras que requiren o respecto da comunidade, evitando calquera discriminación que as situaría en posicións de non dispor do libre exercicio das súas opcións creando con iso lagoas na igualdade predicada no noso ordenamento constitucional.

Corresponde ós poderes públicos asegurar, dentro dos seus marcos competenciais, que toda agrupación de parella coas notas de convivencia e afecto, calquera que sexa o seu sexo, teñan acceso ó Rexistro Municipal de Unións de Feito, para así promover as condicións e remover os obstáculos que menoscaben a liberdade e a igualdade dos individuos acadando

que, os que así o desexen, teñan un marco que lles permita que esa relación sexa real e efectiva atopándose, ademais, administrativamente protexidos fronte ó conxunto veciñal, respectándose mutuamente as diferenzas, clave da democracia.

Por todo isto o Concello e ata que a Comunidade Autónoma de Galicia non dite normativa propia ó respecto, regulará as súas relacións xurídico-administrativas coas unións de feito polo presente regulamento aprobado polo Pleno o día 10 de marzo de 2005.

Artigo 1º. Creación e carácter do rexistro

O Concello de Val do Dubra crea o Rexistro Municipal de Unións de Feito, que terá carácter administrativo e que se rexerá pola presente ordenanza e demais disposicións que poidan ditarse para o seu desenvolvemento.

Artigo 2º. Concepto de unión de feito

Terán a consideración de unións de feito as persoas que, con independencia do seu sexo, e reunindo as condicións sinaladas no artigo 4º, así o declaren para os efectos da súa inscrición no Rexistro de referencia

Artigo 3º. Datos inscribibles no Rexistro.

No Rexistro Municipal de Unións de Feito serán inscribibles, cos requisitos e condicións que se establecen na presente ordenanza, os datos, circunstancias e situacións que seguidamente se detallan:

1º. A existencia de unións de feito.

2º. A finalización ou extinción das ditas unións de feito, calquera que sexa a súa causa e sempre que constaran inscritas no Rexistro.

3º. Os acordos reguladoras das relacións persoais e patrimoniais que poidan existir entre os membros das unións.

4º. O nacemento dos fillos comúns, as adopcións por un só dos membros e outros feitos ou circunstancias que resulten relevantes e afecten á unión extramatrimonial.

Artigo 4º. Inscricións sobre declaración da existencia de unión de feito. Requisitos e condicións.

1º. As inscricións relativas á declaración de existencia de unións de feito deberá realizarse de xeito persoal a instancia de ambos membros da parella, que deberán reunir de modo simultáneo, as seguintes condicións:

A) Ser maiores de idade, ou menores emancipados.

B) Non estar declarados incapaces por sentenza xudicial

C) Non ser entre si parentes en liña recta por consanguinidade ou adopción, ou colaterais por consanguinidade en terceiro grao. Non formar parte doutra unión de feito, e, en caso de matrimonio, estar separado xudicialmente ou divorciado.

D) Manter convivencia de parella durante un período ininterrompido mínimo de seis meses, ou relación de afectividade con aparencia análoga á convivencia do matrimonio, ou ter descendencia común.

2º. Tamén será requisito imprescindible que, cando menos, un dos membros desa unión estea empadronado no municipio de Val do Dubra.

Artigo 5º. Inscripción sobre declaración da existencia de unión de feito. Formalización e documentación.

A instancia declarativa da existencia da unión de feito, deberá acompañarse da seguinte documentación:

- a) DNI, pasaporte ou documento acreditativo da identidade de ambos membros.
- b) Certificado de empadramento en Val do Dubra relativo, cando menos, a un dos membros da parella.
- c) Certificado de nacemento de ambos membros da parella, que, no seu caso, deberá estar traducido oficialmente ó galego ou ó castelán.
- d) Testemuño de dous veciños/as sobre a convivencia da unión de feito con relación afectiva durante, cando menos, seis meses, ou, no seu caso, certificado de nacemento do Rexistro Civil referido ó fillo/a común, onde conste a filiación de ambos membros da parella.

Artigo 6º. Inscripción sobre declaración de extinción da unión de feito

A instancia relativa á declaración de extinción da unión poderá presentarse por un só dos membros, e deberá sinalar se se debe a algunha das seguintes causas:

- A) Común acordo da parella.
- B) Decisión unilateral dun deles.
- C) Pasamento.
- D) Separación de feito de máis de seis meses ou matrimonio.
- E) Tamén se poderá levar a cabo a inscrición da extinción de oficio por este Concello nos casos de ter coñecemento do pasamento dun dos membros da parella.

Artigo 7º. Inscripción sobre acordo relativo e relacións persoais e patrimoniais.

As instancias para a inscrición de acordos relativos ás relacións persoais e patrimoniais entre os membros da parella, ou ás súas modificacións, deberán ser subscribas por ambos membros e irán acompañadas dun orixinal do dito acordo que, debidamente asinado, incorporarse ó expediente onde conste a inscrición da unión de feito.

Artigo 8º. Inscripción sobre nacemento de fillos/as comúns da unión de feito e sobre adopcións por un dos seus membros

1. As instancias para inscrición do nacemento dos fillos/as poderanse realizar por un só dos membros da parella, achegando un certificado de nacemento do Rexistro Civil onde conste a filiación a nome de ambos membros da parella.
2. En caso de solicitar a inscrición dunha adopción, só se poderá incorporar ó expediente a filiación, en caso de que existan inscritos no Rexistro Municipal de Unións de Feito acordos entre a parella relativos á existencia do adoptado/a ou que se refiran ou afecten a este/a. A inscrición dos ditos acordos deberase realizar conforme ó artigo 7º desta ordenanza.
3. Os demais feitos ou circunstancias que se queiran inscribir neste rexistro que resulten relevantes e afecten á unión extramatrimonial, deberán acompañarse de soporte documental que o xustifique, se o tivera.

Artigo 9º. Confidencialidade dos datos inscritos no Rexistro

Os datos que das unións de feito consten inscritos no rexistro serán confidenciais e só poderan ser utilizados polo Concello de Val do Dubra para as súas relacións administrativas

cos membros da parella, non podendo en ningún caso facelos públicos ou comunicalos a ningunha persoa ou institución, senón a instancia de calquera dos membros da parella, ou por requirimento dos xuíces e tribunais de xustiza.

Artigo 10º. Efectos municipais da inscrición das unións de feito no Rexistro.

O Concello de Val do Dubra, dentro das súas competencias, dará a todas as unións de feito ou unións non matrimoniais de convivencia inscritas neste Rexistro a consideración xurídica e administrativa que dá ós matrimonios, agás que a normativa en vigor dispoña o contrario ou esixa determinados requisitos documentais, de feito ou calquera outro tipo para os correspondentes efectos.

Artigo 11º. Dependencia administrativa do Rexistro. Efectos económicos da práctica de inscricións e da expedición de certificacións dos datos rexistrados.

1. O Rexistro Municipal de Unións de Feito estará a cargo da Secretaría Xeral do Concello de Val do Dubra.
2. As inscricións no Rexistro serán gratuítas e a expedición e emisión de certificacións dos datos que consten nel terán o mesmo tratamento có resto de certificacións que se emiten polo Concello.

1 DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza consta de once artigos e unha disposición final e entrará en vigor de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e permanecerá en vigor mentras non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

B) Sometelo a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, resolvendo todos os que se presenten dentro do prazo

C) Para o caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivo o acordo ata entón provisional.